

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS Ó CONSELLO ESCOLAR

Convocatoria

De conformidade coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18.09.2024), a **Xunta Electoral** deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS/PAIS**, segundo as normas seguintes:

1. Conforme o establecido no artigo 8º do **Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias** (DOG do 26 de xaneiro de 1999) corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS nais/pais** dun total de **CINCO** que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores tódolos pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que desde o día **25 de outubro** está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 8 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o **modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio**. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14:00 horas do día 8 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día **11 de novembro, ás 12:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de Secretario/a o/a de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá **dende o 12 de novembro ata o día 15 do mesmo mes, ámbolos dous días inclusive**. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día **18 de novembro**, véspera das votacións, non se poderá facer campaña

electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro, propostos pola ANPA do mesmo ou avalados ó tal fin pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio o **día 19 de novembro, de 16:00 a 18:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **UN** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, segredo e non delegable e non se admitirá o voto por correo.


9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ó seu envío a Xunta Electoral do centro.

11.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, a 28 de outubro de 2.024

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral:



Asdo.: Verónica Eiravella Barreira

